

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19213 *Corrección de erros do Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS).*

Advertidos erros no Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS), publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 232, do 24 de setembro de 2010, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 9, artigo 18.1, letra c), primeira liña, onde di: «Ter un nivel de idioma (...)», debe dicir: «Ter, polo menos, un nivel de idioma (...)».

Na páxina 10, artigo 22.1, letra c), onde di: «área de manobra», debe dicir: «área de manobras.».

Na páxina 10, artigo 22.2, segunda liña, onde di: «dentro da área de movementos (...)», debe dicir: «dentro da área de movemento (...)».

Na páxina 16, anexo II, número 3, letra a), primeiro parágrafo, terceira liña, onde di: «e sobre a área de manobra do aeródromo», debe dicir «e sobre a área de manobras do aeródromo».

Na páxina 17, anexo II, número 3, letra b) epígrafe 1.^a, onde di: «na área de movementos», debe dicir: «na área de movemento».

Na páxina 17, anexo II, número 4, letra a), primeiro parágrafo, segunda e terceira liña, onde di: «que permitan ver a área de manobra (...)», debe dicir: «que permitan ver a área de manobras (...)».

Na páxina 23, anexo IV, número 10, letra a), epígrafe 1.^a, terceira liña, onde di: «segundo o nivel de competencia lingüística 4 (...)», debe dicir: «segundo, polo menos, o nivel de competencia lingüística 4 (...)».

Na páxina 28, anexo VII, rúbrica en inglés, onde di: «APPLICATION FOR THE CERTIFICATION OF AN ATC TRAINING ORGANISATION», debe dicir: «APPLICATION FOR THE CERTIFICATION OF AN AFIS TRAINING ORGANISATION».